

Achegamento á mobilización anticlerical na Galicia da II República a través dos xornais (abril-xuño de 1931)

GUSTAVO HERVELLA GARCÍA*

Sumario

O artigo baséase no valeirado das fontes hemerográficas representativas do período da Segunda República. As causas, reaccións e consecuencias da política laica emprendida polo executivo republicano no 1931, prestando especial atención ó caso galego.

Abstract

The article is based on the study of journalistic sources from the period of the Second Republic. The causes, reactions and consequences of lay politics carried out by the republican executive in 1931, paying particular attention to Galician example.

OMARCO DOS ACONTECIMENTOS: A II REPÚBLICA ESPAÑOLA.

O 30 de xaneiro de 1930 o xeneral Miguel Primo de Rivera dimite como presidente do goberno. Esa mesma noite o rei encargaba ó militar Dámaso Berenguer a constitución do novo executivo. Con esta medida restablécense as garantías constitucionais, o que implicaba dúas ameazas: o reforzamento das ringleiras republicanas e un empuxe revolucionario das masas e das organizacións obreiras. Os problemas van en aumento coa crise das universidades e a folga promovida pola FUE a comezos de 1931. Con esta ebullición, Alfonso XIII chama ó almirante Aznar a formar goberno, e o 18 de febreiro presenta un executivo no que directa ou indirectamente están os membros da oligarquía financeira anterior a 1923. A tarefa principal é prepara-las eleccións e tratar de gañalas por un partido monárquico aínda por constituir. A consulta ó pobo para a formación dos concellos sería para o 12 de abril. Nesa xornada houbo un 33% de abstención, chegando nalgunhas provincias ó 50%. Os republicanos trunfan en 41 das 50 capitais. Son 39.501 concellais republicanos e socialistas e 34.238 os monárquicos (1).

Os resultados electorais das principais cidades galegas mostraban un considerable apoio ás candidaturas republicanas que resultaron vencedoras en seis dos sete municipios máis importantes, a excepción de Lugo. Dous días despois, Alfonso XIII deixa o poder ó Comité Republicano que logo tomou posesión do Goberno Provisional no Ministerio de Gobernación. Ese mesmo día comezaron a coñecerse en Galicia os resultados e as manifestacións de apoio á nacente réxime. En A Coruña, Ferrol, Santiago e resto de vilas e cidades o cambio de poder fíxose dunha maneira pacífica, entre a algarabía da poboación. O mesmo sucede cos gobernadores civís e as deputacións. Na zona rural as diferencias de carácter político foron máis destacadas, e os novos Governos Civís nomearon xestoras

* Gustavo Hervella García é licenciado en Xeografía e Historia pola Univ. de Santiago. Froito das súas investigacións foi a Memoria de Licenciatura: *A esquerda política e o nacionalismo español: PCE e MCE (1960-1982)*.

1. Estes datos son ofrecidos, en Malerbe, Pierre: «La Dictadura», en Tuñón de Lara, M. (dir.): *Historia de España. La crisis del Estado: Dictadura, República, Guerra*, Tomo IX, Barcelona: Labor, 1981, p.100.

municipais coa aquiescencia de Madrid. O intermediario de realizar estes cambios na nosa terra, foi a Federación Republicana Gallega -FRG-, dirixida por Santiago Casares Quiroga. Así, os seus representantes pasaron a domina-las distintas administracións locais. O rural galego é un micromundo, e o traspaso de poderes nestas circunscricións resultou complexo. En ocasións as elites locais mostrábanse tenaces a abandoa-lo poder (2). Nos lugares con maior número de concentración humana o peso das organizacións obreiras era maior e isto motivaba que a situación fose distinta, xa que a República presumíase como un rexime descoñecido, pero palpablemente mellor.

Nos primeiros meses o vacío de poder reinaba en tódolos ámbitos de goberno. O executivo tiña carácter provisional, e así se denominaban. A lexitimación que ostentaban facía referencia tan só á consulta electoral do 12 de abril. A mellor maneira de asenta-lo seu poder era apoiándose nunhas cortes elixidas democraticamente polo pobo. A consulta para a formación dunhas Cortes Constituintes, que elaboraran a Carta Magna, quedou fixada para o 28 de xuño, segundo unha orde do Consello de Ministros do 20 de maio. Dias antes teñen lugar as queimas de edificios relixiosos en diferentes puntos da xeografía peninsular. Nestes feitos subxace a loita política entre monárquicos e clericais fronte a republicanos e anticlericais. O estoupido é o 10 de maio coa concentración monárquica no Círculo. Ó mesmo tempo circula por Madrid a nova do asasinato dun taxista a mans dos alfonsinos. A primeira reacción foi o tento de asalto á sé de *ABC*, algo que impide a Garda Civil. Ó día seguinte a convulsión foi total, arden igrexas, conventos e escolas relixiosas. O primeiro foi o dos xesuítas, logo carmelitas, clarisas... Nesa mesma semana os motíns están en Sevilla, Málaga, Cádiz, Murcia... O goberno non mostrou moita enerxía para repeler estes desmanes, aínda que a actitude do clero non era moi positiva, lanzando diatribas contra a República dende os púlpitos, ou encitando ós fieis a manifestarse en contra dela (3).

En Galicia, a xerarquía eclesiástica mostrou certo descontento ó principio, mais acatou ó poder establecido. Neste carácter inscribese a circular do Arcebispo de Santiago do 30 de abril onde acepta a nova rexime, pero non con entusiasmo. De novo, ó igual que no resto do Estado, o punto de inflexión foi a queima de edificios propiedade da Igrexa na primeira quincena deste mes. Tiveron relevancia en Ourense, Coruña, Ferrol e Betanzos. Os máis destacables tiveron como escenario a cidade herculina, cando o día trece comeza a corre-lo bulo polo cal nas casas dos relixiosos había armas escondidas. O xentío comeza a amoroarse ó redor da residencia dos xesuítas -rúa Juana de Vega-. Logo será dispersada, dirixíndose á Casa do Concello onde é recibida polas autoridades dende o balcón presidencial. A última hora da noite un grupo invadiu o local das Capuchinas e dos Maristas; apedreou a casa dos Redencionistas e desalojou o local das Josefinas, Terciarias e de Santa Bárbara (4).

Por todo isto o día 22 é clausurado o centro de Acción Católica. Para Grandío Seoane estas accións «eran realizadas máis como una muestra del poder real conseguido, que como práctica concreta de una mentalidad laicista por los responsables de las instituciones republicanas» (5). O que se aprecia nestes feitos é a plasmación do anticlericalismo popular, alimentado pola falla de sensibilidade da igrexa ante os problemas sociais, deste

2. Grandío Seoane, Emilio: *Los orígenes de la derecha gallega: La CEDA en Galicia (1931-1936)*, Sada-Coruña: Ed. do Castro, 1998, p.34.

3. Ragner, Hilari: «La cuestión religiosa», *Ayer*, nº 20, 1995, p. 225.

4. Grandío Seoane, Emilio: *Los orígenes...* op. cit., pp. 41-42.

5. *Ibidem*, p. 43.

xeito a súa destrucción será considerada como un factor máis da loita de clases (6).

O certo é que os ataques ó clero escapaban á responsabilidade inmediata do goberno. O primeiro tento de deter ás masas incendiarias tería que provir dos concellos, auténticos faros-guia para a poboación, ó constituir a administración máis cercana ó pobo. Sen embargo, estes órganos de poder non se interpuxeron ante as persoas, que tan só un mes antes aceptaron gustosamente a instauración da República. Isto, que nun principio parecía apoiar a este réxime, co tempo voltouse na súa contra. As altas xerarquías católicas non compartían esta idea, e achacaban o clima de anarquía reinante na sociedade ó goberno provisional. O bispo de Tui lamentaba as expulsións de Segura e Mújica, incitando ós fieis da súa diocese a enfrontarse á lexislación das Cortes Constituintes.

Como xa espuxemos liñas atrás, os grupos monárquicos aparecen moi fragmentados nos primeiros meses do novo réxime. Foi o movemento anticlerical un dos principais motivos de ataque por parte dos grupos antisistema, aqueles que estaban en desacordo co nacente réxime republicán e que pretendían a reinstauración da monarquía, como de seguido imos comprobar.

O POSICIONAMENTO DAS DEREITAS

A xerarquía eclesiástica non foi unánime á hora de acata-la República. Mentres Vidal i Barraquer -bispo de Tarragona- actuou de interlocutor entre o Vaticano e Madrid, o cardeal de Toledo Pedro Segura mostrou a súa animadversión dende un principio. Á altura de 1931 a Igrexa seguía considerando erróneos os fundamentos da democracia moderna; o fervor católico do pobo era algo do pasado, e isto sabíao a xerarquía local. Algúns eclesiásticos inculcaron ós seus fieis unha mentalidade de Igrexa perseguida: nunha biografía das tres carmelitas descalzas de Guadalaxara -que foron as primeiras mártires da Guerra Civil beatificadas en 1986- refírese que no convento, as monxas realizaban representacións dramáticas da súa decapitación (7).

Pedro Segura, Primado de España, dirixese ós católicos invitándos ás mobilizacións, á Cruzada. Eloxía a figura de Alfonso XIII no medio do entusiasmo republicano. Isto provoca un malestar xeneralizado entre a poboación, que verá a súa plasmación nos feitos de maio, xa reseñados. A queima de conventos non causou vítimas mortais pero foi un duro golpe para o réxime, xa que os elementos antirrepublicanos aproveitan os feitos para condenar ó Goberno Provisional e á súa política, non só naquel intre senón ó longo dos anos trinta. A expulsión de Segura e Mújica é respostada coa negación do *placet* ó novo embaixador de España no Vaticano, Luis de Zulueta. No Congreso dos Deputados, a defensa da Igrexa corresponde á minoría máis extremista do hemiciclo, encabezada por Gil Robles, que acada un protagonismo destacado co enfrontamento con Manuel Azaña.

Polo tanto, atopámonos unha parte mínima da xerarquía que tenta conxeniarse a Madrid e Roma -Tedeschini ou Vidal i Barraquer-, e outra que enfronta á sociedade con tódalas consecuencias -Mateo Mújica, Gomá ou Pedro Segura-.

6. Gil Pecharrómán, Julio: *La Segunda República*, Madrid: H16, 1989, pp. 35-36.

7. O decreto de Juan Pablo II de marzo de 1986 que recoñecía o martirio, aludía á anécdota onde a irmá Teresa del Niño Jesús recibiu dun parente unha carta cun ¡Viva la República!, e a monxa contestoulle «A tu viva la República contesto yo con un ¡Viva Cristo Rey!», Ragner, Hilari: «La cuestión...», art. cit., p.223.

1.- O TRATAMENTO XORNALÍSTICO

A queima dos edificios relixiosos, así como o seu desaloxo tiveron eco nos medios do momento. Por unha banda, os xornais de carácter progresista e anticlerical farán recaer as culpas en elementos indesexables, axenos ó réxime republicano. Por outra, as páxinas da oposición tacharán ó goberno de flexible á anarquía.

1.1.- ALIBERDADE DE CULTOS

Xa no mes de abril comezan os primeiros enfrontamentos a propósito da liberdade de cultos que se propugna dende o goberno provisional. Isto é un dos puntos programáticos asinados polas forzas políticas no Pacto de San Sebastián. Debido a esta presenza, un dos primeiros artigos que se refiren ó tema en *El Socialista* -voceiro do PSOE- analiza a tolerancia que emana da nova lexislación contra a que a Igrexa só pon atrancos (8). Para o articulista, os católicos, os protestantes ou os ateos teñen que gozar das mesmas prerrogativas e isto só o entende parte da xerarquía eclesiástica. O primeiro motivo de algarabía é a supresión da obrigatoriedade da misa nos cuarteis, o segundo, obrigar ós sacerdotes a que dende os púlpitos só se ocupen dos problemas relixiosos e non dos políticos. Para os socialistas, a europeización de España pasa pola laicización da sociedade; o importante non é ser ateo senón respetuoso con tódolos cultos (9).

Do mesmo xeito se expresa nos primeiros días de proclamado o réxime republicano o rotativo *El Imparcial*. Dende as súas páxinas abógase por unha lei que prohiba as manifestacións exteriores do culto católico, pero mentras non exista, «estas tienen pleno derecho a realizarse». O que pretenden é o establecemento dun consenso por parte das forzas políticas en torno á liberdade de cultos e creencias, criticando os abusos da Igrexa ou do goberno cando se produzan.

Esta postura progresista é posta en tela de xuício a través de *El Debate* ou do *ABC*, medios de información escrita madrileños que teñen o seu altofalante en Galicia a través de *La Región* de Ourense, *El Ideal Gallego* de A Coruña e *El Compostelano* de Santiago. Este último está patrocinado polo arcebispado, sendo un dos que máis se enfronta á lexislación laica do executivo provisional. A través de múltiples colaboracións pretende facernos comprender a necesidade de ensinanza relixiosa. Ó seu xuízo, é a única que inflúe positivamente na consciencia do neno, que o fai frear cando sexa un home ós impulsos revolucionarios (10). Máis contundentes serán as afirmacións de *La Región*. Farase eco da polémica creada polo Gobernador de Valencia José Centeno, que ó tomar posesión do cargo foi visitar á Virxe dos Desamparados, patrona da cidade, sendo censurado por iso. A raíz deste feito os columnistas do xornal preguntáronse onde se atopan a liberdade que trouxo a República, «se pide respeto para quén no cree, pero respeto ni sombra de salvadad para quén cree» (11). Tómanse traballos de *El Debate* coa intención de convencer ós lectores da necesidade de mostrar entereza ante a lexislación laica promovida polo executivo. España -para estes medios conservadores- é consustancial á catolicidade e isto non se pode abandonar. É motivo suficiente para enfrontarse ó réxime (12).

8. «Refunfuños clericales», *El Socialista*, ano XLVI, nº6924, 18 de abril de 1931, p. 1.

9. «El predominio de la Iglesia», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6925, 19 de abril de 1931, p. 1.

10. «Libertad, libertad, libertad», *El Compostelano*, ano XII, nº3329, 8 de maio de 1931, p. 1.

11. «Pero sólo para los republicanos», *La Región*, ano XXII, nº6237, 25 de abril de 1931, p. 1.

12. «Un gran sacrificio colectivo», *La Región*, ano XXII, nº 6237, 30 de abril de 1931, p. 1.

Un dos principais fronts de batalla que establece o xornal é en referencia ó Estado laico que presumiblemente ía saír das Cortes Constituintes. Se o voceiro socialista aboga pola liberdade e a tolerancia, a reacción vía nesas palabras sinónimos de persecución, sometimento da Igrexa ó poder civil e clerofobia (13). Isto é unha resposta ó dirixentes socialistas, que na loita laicizadora contemplaban a sumisión da Igrexa Católica xa que non competía en igualdade de condicións coas relixións.

1.2.- REACCIÓNS ANTE AS MANIFESTACIÓNS DO CARDEAL PEDRO SEGURA

A segunda cuestión que compre analizar a través dos xornais é o ataque -por parte dos republicanos- e a defensa -bandeira enarbolada pola reacción- do Cardeal Primado de Toledo, Pedro Segura. O problema xurde coa defensa encarnizada que realiza de Alfonso XIII e da monarquía, algo que senta mal entre as ringleiras republicanas en xeral, e socialistas en particular. Estes mostran o seu enfado a través dunha serie de artigos, onde entre outras cousas, decían del que o seu carácter cortesano está por riba do de clero xa que tódalas preeminencias das que disfruta débelle á monarquía «la consustancialidad de ésta no es con España, es con él» (14). O que máis lle preocupa é que non poida aceptar ás novas autoridades, algo que xa fixeron outros membros da xerarquía eclesiástica como os bispos de Barcelona ou Tarragona. Será un dos personaxes máis odiados do clero tanto polo seu pasado como polo presente. O progresismo en xeral non pode permañecer en silencio ante argumentos como «que caigan sobre España todos los males si triunfara la República». Así, unha das mellores fórmulas que se atopa para loitar contra estes infundios é mostrar como os mesmos curas son os que incumpren os preceptos evanxélicos, «el clero se presta a la codicia y no al sacrificio, ¡cómo si con el oro pudiese lavar la mancha del crimen!» (15).

Temos, xa que logo, as críticas vertidas polos socialistas hacia a figura do cardeal Pedro Segura, atendendo ás súas declaracións e a súa belixerancia coa réxime. En fronte a esta actitude atopamos a defensa que do Primado se fai dende as páxinas de *El Compostelano*. Amosarase contrario á postura do goberno, afirmando que o ministro de Xustiza ten presa en «enfrentarse con la Iglesia Católica», xa que as pastorais do purpurado son «inofensivas». Tan só se lle pode achacar -segue afirmando o rotativo santiagués- o feito de solicita-lo voto a prol dos candidatos que defenden «las sanas ideas conservadoras». Advírtelle ó goberno que os monárquicos poderán camiñar hacia a República, pero o espírito católico non se esquince tan facilmente «la discordia religiosa puede destrozarse muchas cosas en España. Y en esta lucha sería el gobierno quien menos tardara en hacerse pedazos». Estas palabras proveñen dun artigo de *La Nación* de Madrid, medio de comunicación fundado por José Calvo Sotelo.

Co trunfo das candidaturas republicanas o 14 de abril, a dereita fragmentouse en múltiples grupos e en individualidades que actuaban pola súa conta. O campo que brindou o conflito relixioso foi acollido como auga salvadora por estes sectores. Durante 1931 e parte de 1932 desenvolverán a súa loita contra o sistema atacando á lexislación laica republicana, ou defendendo ó clero das supostas vexacións que contra el se cometían. Aquí é onde se inscriben estes comunicados sobre a figura de Pedro Segura. Ó mesmo

13. «El Estado laico», *La Región*, ano XXII, nº 6240, 5 de maio de 1931, p. 3.

14. «¿Qué hace el Cardenal?. Con «él» estaría mejor», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6927, 22 de abril de 1931, p. 1.

15. «Martínez, Narciso: «La Religión», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6963, 20 de xuño de 1931, p. 5.

tempo, non comprenden o odio que o executivo supostamente lle profesa ás ordes relixiosas. España -afirma *El Compostelano*- débelle ós monxes e curas a Reconquista, a colonización americana e a defensa nacional ante «las tropas que invadían entonando la Marsellesa». Isto é un ataque solapado ós republicanos, xa que o himno galo era a súa particular canción para expresa-las liberdades conquistadas. Xúnguese catolicismo e España, porque «el más desinteresado auxiliar de España en su política fue la Iglesia Católica» (16). Nos mesmos termos se expresa *La Región*. Os articulistas que aquí escriben móstranse favorables á República sempre que respecte á relixión católica. En realidade, para eles, os verdadeiros inimigos do réxime son os que atacan á Igrexa, xa que é o mesmo que si llo fixeran a España. Este xornal, para demostrar que a pastoral de Pedro Segura non era ofensiva, decide reproducila integramente nas súas páxinas. A sabiendas de que estas declaracións ían molestar ós dirixentes republicanos, o rotativo ofrécellas ós seus lectores integramente. A omisión de calquer tipo de puntualización é un síntoma claro de total aceptación do dito no escrito.

1.3.- A QUEIMA E DESALOXO DOS EDIFICIOS

As declaracións do Cardeal Primado foron o primeiro estoupido da súa crise relixioso-política que tivo que afronta-lo goberno provisional. Nos seguintes días acontecen os incendios e desaloxos de edificios relixiosos na capital do Estado, así como nas principais cidades do resto da xeografía española. O día 10 de maio, e sobre todo o 11 dese mes, o país viuse colapsado pola actitude das masas. Os xornais que estudiamos, ante uns feitos tan palpables, non coincidirán na relación do sucedido. Para *El Socialista* todo resposta a «insensatas provocacións» dos monárquicos, unha «clara ofensiva antirepublicana» (17). A UXT e o PSOE manifiestan a través das súas páxinas que todo é froito dunha provocación monárquica e solicitan ós seus afiliados que non caigan na trampa. As XX.SS. -Xuventudes Socialistas- pretenden a liberdade e non a libertinaxe -continúan afirmando-. Os relixiosos non se ven como vítimas, xa que fuxían dos edificios; logo estaban avisados. Dende as ringleiras socialistas non se quere exculpar ó clero nuns feitos onde aparentemente son vítimas. Para *El Socialista*, os únicos que descoñecían estes manexos eran as xentes do común, o pobo. Chégase ó extremo de culpar ós frailes de prende-lo lume -Convento das Maravillas, Madrid- (18). Os artigos deste medio analisan en maior medida ós culpables da queima, que ós feitos en sí. Así mesmo, non atopamos referencias ó acontecido na Coruña, supostamente pola súa menor envergadura.

Pola contra, *El Imparcial* sí nos relata o acaecido na cidade herculina o día 13. De novo, a culpabilidade recae en «elementos monárquicos provocadores». Redáctasenos a relación dos feitos -manifestación dos obreiros, reunión na praza de María Pita, peche de edificios relixiosos...-, mais sen nengún xuízo de valor. Sinálase, iso sí, a calma coa que as autoridades se enfrontaron ós feitos, así como o pobo non prende lume ás residencias relixiosas. Tamén se destaca a acción das forzas de orde -policía e Garda Civil- na protección dos edificios. Os artigos por nós consultados, respostan máis a un sentido laico que

anticlerical (19). Ó mesmo tempo destácanse as queimas sucedidas en Málaga, Alacante, Cádiz, Sevilla e Zaragoza. Dende as editoriais deste medio o que se pretende é a normalización da situación política nos convulsos primeiros meses da II República. Si por unha parte se critica a actitude de cerrazón da Igrexa Católica, por outra faise o mesmo cos escesos de determinados grupos. Aínda deste xeito, ó tratarse dun medio laico, non resiste otorgarlle a inocencia ó clero, facéndoo partícipe dalgunhas destas luctuosas accións. De novo os xesuítas levan a peor parte, tanto dende as ringleiras socialistas como dende as republicanas.

Ceñíndonos máis a Galicia, *La Voz de Galicia*, fai a súa primeira referencia ó problema da queima de edificios relixiosos moi cedo, o 21 de abril. Nesta data relátasenos o incendio dunha capela no concello de Trives (Ourense) (20). Ó día seguinte hai referencia ó templo de Niñodaguía (Españaredo, Ourense), co tento de prenderlle lume, pero a rápida actuación do vecindario non o permitiu. A carón disto, aparecen moitas informacións que fan referencia ó clero que acata ó novo réxime. O tratamento que fai o rotativo coruñés da problemática clericalismo-anticlericalismo na nosa terra non é moi abundante, ata que acontecen os incendios en Madrid. Unha causa deste feito, o noso xuízo, refírese á tirada de exemplares, que se restrinxía practicamente á Coruña e arredores, chegando a poucas zonas máis. As novas que facían referencia á queima de edificios relixiosos son mostradas ó tratarse dun tema candente no momento. Isto verificábase na primeira quincena de maio.

Xa o día 12 aparecen referencias ó acontecido en Madrid en breves reseñas. Ó mesmo tempo tense que deixar de manifesto como as autoridades civís están en contra do acontecido. Transcríbense unhas declaracións do alcalde da capital, onde pode lerse como os «generosos» acuden a apaga-las llamas, xa que «si se regocijasen con ellos, tan sólo favorecerían a los enemigos del régimen» (21). Na descripción dos feitos, *La Voz de Galicia* coincide en liñas xerais con *El Socialista* e *El Imparcial*. Sí ben as accións pirómanas foron levadas a cabo por incontrolados, os moradores dos edificios non foron meros espectadores, tamén participaron de cheo no sucedido. Os membros da Compañía de Xesús fuxiron disfrazados, e algúns botaban vivas ó rei. Deste xeito tampouco aquí se mostra ó clero como vítima, tamén eles foron violentos. Cando este actúa contra os relixiosos dase a entender que foi en defensa propia, resposta ás continuas provocacións daqueles. A crónica relata como un grupo de xente percorre a cidade vella herculina, e vai desaloxando ós moradores de varias Residencias: a dos xesuítas, Capuchinos e Maristas. Logo foron dispersados, e os mesmos republicanos -continúa narrando o xornalista-, son os que custodian os edificios. Na fachada de cada un deles rezaba un cartel onde se podía ler: «Pueblo: Respeta este edificio. Desde hoy es tuyo pues es de la República» (22). Todo remata na praza do concello cun mitin onde falan Luis Tato -obreiro-, Fernando Domínguez -estudiante-, José Sánchez -carpinteiro- e García Labella -Gobernador Civil-. Destácase, por riba doutras apreciacións, como non houbo incendios gracias á acción do alcalde, Angel Senra.

Coa lectura dos tres xornais, decatámonos, entre outras cousas, do tento de minimizar os feitos, por parte dos sectores republicanos. Preténdese analizar como acontecementos

16. Cigur, Goñi: «Para que sirven los religiosos», *El Compostelano*, ano XII, nº 3370, 7 de xullo de 1931, p. 1.

17. «El domingo se produjeron sangrientos sucesos y ayer fueron incendiados numerosos conventos», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6943, 12 de maio de 1931, p. 1.

18. «Los incendios de conventos», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6948, 17 de maio de 1931.

19. «Evacuación de todos los conventos en La Coruña», *El Imparcial*, ano LXVI, nº22112, 14 de maio de 1931, p. 6.

20. «Iglesia quemada», *La Voz de Galicia*, ano 50, nº 15957, 21 de abril de 1931, p. 8.

21. «Para que no quemem más conventos. Corazones generosos», *La Voz de Galicia*, ano 50, nº 15976, 13 de maio de 1931, p. 4.

22. «Lo que ocurrió anoche en La Coruña», *La Voz de Galicia*, ano 50, nº 15976, 13 de maio de 1931, p.4.

aillados, e nos que os protagonistas son actores que están en contra do sistema. Deste xeito, aplaudese ó goberno provisional e ós sindicatos; e pola contra censúranse ó clero e ós grupos monárquicos por provocadores. A actitude destes últimos será oposta completamente, como imos ver de seguido a través dos seus medios de expresión.

Ante os mesmos feitos, a crónica cambia, ó incidir nuns feitos en vez de noutros. Isto é o que se leva a cabo dende *El Compostelano*. Así, o 11 de maio refírese ó acontecido en Madrid, reseñando como o principal instigador ó pobo, xa que cando os bombeiros pretendían apaga-lo lume este oponse. Cando un xove grita «¡Viva Cristo Rey!», e logo foi «agredido por las turbas» (23). Polo tanto, xa se aprecia como o talante deste xornal é diametralmente oposto ós republicanos. Si nestes se tentaba suaviza-la situación creada polas queimas de edificios, no rotativo santiagués o que se expresa é a muletilla de «Igrexa perseguida», de novo, como a mártir.

Isto é o que se explotou xa dende o 14 de abril, e agora con argumentos visibles por todos. Por unha parte as accións destes incontrolados non serían posibles si a sociedade tivese máis espírito relixioso -esta idea xa esbozada en *La Región*-, ademais, o goberno provisional ten que saber domiñar estas situacións, e non o fai. É a excusa perfecta para atacar ó executivo, e ó redor desta idea xúntase a oposición ó réxime: a defensa da relixión. En *La Región* continúa este camiño. Así, cando se dan conta dos feitos, remárcase a actitude de Martínez Campos pedindo respecto ós poderes establecidos. Aínda así, -continúa relatando-, os monárquicos aguantaron as vexacións e insultos «de la muchedumbre», que acabou por incendia-los automóviles de Luca de Tena e o duque de Santo Mauro. Vóltase a insistir na pasividade dos bomebeiros así como nas forzas de seguridade.

Dende os medios de comunicación controlados pola dereita política, preténdese da-la sensación de intranquilidade civil; xustamente o contrario que dende as ringleiras socialistas. *La Región* mostra artigos de *El Debate* e *ABC*, onde se pon de manifesto o malestar dun sector da poboación polos acontecementos. As culpas do acontecido fanse cair sobre a escola laica, aquela onde se maldice a relixión, e, sen embargo «habla del dogma de la revolución». Para o xornal da cidade das Burgas a relixión é moi necesaria para a réxime, xa que as virtudes que teñen que ser fomentadas, aquelas que defenden a orde e tradición, e isto conquíreo a relixión. O que se nos dí é que cando as *masas* teñen medo e non son libres, son máis fáciles de domiñar (24).

Os xornalistas ourensáns cren que a desorde é fomentada polo executivo, xa que permite a publicación de manifestos libertarios contra a Igrexa. Estas mesmas excusas son as que se nos ofrecen dende as páxinas de *El Compostelano*. A defensa do catolicismo e dos seus representantes, convírtese no cabalo de batalla principal esgrimido pola reacción para atacar ó goberno provisional. A súa mala xestión en referencia ó tema que nos ocupa, é a causante dos incendios, xunto á falla de preparación política dunhas xentes que aínda se moven por instinto. Precisamente, afirma a reacción, este feito sería imposible coa relixión incrustada nas súas vidas.

Si ollamos para os medios de comunicación republicanos, observamos como cambia a culpabilidade. En *La Voz de Galicia*, preténdese eximir ós obreiros; recae en diferentes elementos perturbadores e nos propios clericais. Nunha das editoriais podemos ler: «cons-

23. «Los incendios de ayer en Madrid, nuevos detalles», *El Compostelano*, ano XII, nº 3332, 12 de maio de 1931, p. 4.

24. «La religión es más necesaria a la República que a la Monarquía», *La Región*, ano XXII, nº 6248, 14 de maio de 1931, p. 1.

te, repetámoslo, que ni una sóla persona de solvencia, ni un solo obrero, ni un vecino conocido se vió para nada mezclado en estos lances que superficialmente relatamos» -en referencia ós desaloxos de A Coruña- (25). Seguramente moitos dos líderes das manifestacións pertencían á Federación Obreira, e tentouse disculpalo debido ó peso político que esta agrupación tiña na vida coruñesa. A análise que efectúa o rotativo, leva a culpa a monárquicos provocadores como os inductores do sucedido en toda a península. Trataríase de persoas que prefiren a volta ó pasado, antes que o amor ó seu país. A última demanda radica na solicitude de calma ó pobo; para lexitimar á República teñen que se-las autoridades as que persigan ós culpables (26). Deste xeito, o proletariado exímese de culpa.

Esta mesma liña argumental é a esbozada en *El Socialista*. Serán de novo os xesuitas os que sairán peor parados nas manifestacións expresadas neste medio. Eles son os provocadores e instigadores das accións que tiñan como principal cometido desprestixiar á República (27). Para os socialistas, esta é a conclusión para o que días tras comezara cos discursos de Mateo Mújica e Pedro Segura. Así mesmo, son de obrigada mención as referencias das executivas do partido e sindicato socialista sobre os feitos. Para ambas, son froito da «actitud inaudita de los enemigos de la soberanía nacional representada por el régimen republicano». Julián Besteiro reclama enerxía contra os elementos que, ou ben tratan de restaura-la réxime alfonsina, ou ben pretenden crear dificultades «a la que el pueblo ha escogido» (28).

Como xa puidemos comprobar en *La Voz de Galicia*, o republicanismo móstrase convencido da culpabilidade de comunistas e fascistas, dirixidos directamente dende Moscú e Roma. Da URSS afirmase que é o país máis reaccionario do mundo, xa que presenta ós republicanos e ós socialistas como inimigos dos obreiros e dos labregos españois, domiñados polo clero (29). *El Imparcial* confirma esta postura. Dende as súas páxinas diríxese a uns provocadores que o único que pretenden é destruí-la República; e non son outros que os monárquicos e os comunistas. Polo tanto, por unha banda atopámonos coas consideracións dos xornais de dereitas que manifestan a súa preocupación polos feitos atendendo á responsabilidade do goberno e a súa lexislación antirrelixiosa. Este é un motivo perfecto para atacar ó sistema, e dende aquí ir minándoo. No outro extremo o posicionamento do republicanismo, que si ben mostra a súa repulsa ó acontecido xustifícao atendendo ás provocacións do clero e dos grupos monárquicos. Para eles, isto non se pode repetir, xa que desprestixia á República. Os obreiros deron mostra de cordura, e si hai que buscar culpables atópanos entre os alfonsinos e os comunistas.

1.4.- REACCIÓNS ANTE A LEXISLACIÓN REPUBLICANA SOBRE O TEMA CLERICAL

O último tema que se trata nas páxinas dos xornais de referencia é o que fai alusión á lexislación republicana e a preparación das eleccións a Cortes Constituintes de xuño de 1931. A propósito disto, unha das primeiras transformacións é consecuencia do decreto

25. «Lo que ocurrió anoche en La Coruña», *La Voz de Galicia*, ano 50, nº 15976, 13 de maio de 1931, p.4.

26. «El alcalde pide orden», *La Voz de Galicia*, ano 50, nº15977, 14 de maio de 1931, p. 3.

27. «La República Española lucha contra el clericalismo», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6950, 20 de maio de 1931, p. 7.

28. «Las Ejecutivas del Partido Socialista y la Unión General de Trabajadores se pronuncian contra los que tratan de crear dificultades a la República», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6943, 12 de maio de 1931, p.1.

29. «Roma y Moscú, contra la República española», *El Socialista*, ano XLVI, nº6945, 14 de maio de 1931, p. 1.

sobre a liberdade de ensinanza apadriñada por Rodolfo Llopis. Os socialistas non ven un ataque á Igrexa, e si unha maneira que terá o mestre de perderlle medo ó cura. Coa posta en vigor desta lei, o representante de educación non estará en inferioridade ante o sacerdote, e deste xeito gañará a ciencia (30). Pola contra, *La Región* fai fincapé na defensa da labor dos frailes na educación. A expulsión das ordes relixiosas levaría parella ó abandono de nenos e desvalidos, xa que as escolas e casas de acollida son obras filantrópicas. En días sucesivos, dende as páxinas deste medio, incídese no feito de carga-las culpas da mala situación política-social de España á pérfida influencia da escola laica (31). O fio argumental expresado aquí é compartido por *El Compostelano*. Segundo este medio, a ensinanza relixiosa é a única que inflúe positivamente na consciencia do neno, o que o frena, cando sexa un home, ante os impulsos revolucionarios. Cando o goberno se refire a un ideal de educación, defíneo coa palabra «laica», o que para este xornal é falso, xa que «quién quiera que sea el maestro, masculino o femenino, desnaturalizará la enseñanza».

Outro tema candente en referencia á lexislación fai mención ás ordes relixiosas; sobre o seu status xurídico e a súa importancia social e económica. Para un medio declarado laico e anticlerical como *El Socialista*, as referencias a este tema propugnan a disolución das mesmas, xa que son «antieconómicas, intrigantes e acaparadoras». Para os seus colaboradores, a Igrexa Católica exerce unha influencia na vida común moi pernicioso, e o goberno provisional ten que rematar con isto (32). O PSOE, a través do seu voceiro, aboga porque se nacionalicen os bens da Igrexa, ó igual que se fixo cos da Coroa, «también debe extirpar el cancer religioso de nuestro país» (33). Pola contra, *El Compostelano* realizará unha defensa encarnizada das ordes relixiosas, abogando pola súa permanencia en chan español. Para o rotativo santiagués, a relixión é parte consustancial de España. A nación é incomprendible sin a súa presenza, por iso o articulista parécelle increíble que o goberno pretenda expulsalos. O odio que profesan ás ordes relixiosas é impropio, o seu xuízo, de reximes que se titulan salvadores da liberdade cidadá, e máis si se trata de España. Os curas e monxes protagonizaron a Reconquista -continúa afirmando-, a colonización americana e a defensa da nación, xa que «el más desinteresado auxiliar de España en su política fue la Iglesia Católica» (34). Nos mesmos termos se expresa *La Región*: «España no se merece quedar sin esta gente por mucho que obreros deslenguados increpen al clero». Para o medio ourensán, a historia demostra cal é o valor de todas estas institucións: o Evanxeo e a encíclica de León XIII loitaron polos proletarios, e agora o pobo págallo así. Non quedan aí as acusacións, para os xornalistas entre os autores materiais dos feitos atopábanse homes «de levita». Se se chega a expulsar ós conventuais, estaríase realizando un feito anticonstitucional, xa que iso non resposta a idea de democracia e liberdade que plasma a República. Aproveitando esta escusa, dende as páxinas de *La Región* faise unha defensa encarnizada das ordes relixiosas moldeando a lexislación ó seu modo. Para apoiar isto, nestas xornadas e nas sucesivas, aparecerán listas de adhesión a unha orga-

30. «La Religión en las escuelas», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6953, 23 de maio de 1931, p. 1.

31. Olmos, Elías: «Meditemos: Los asaltos a los conventos», *La Región*, ano XXII, nº 6252, 4 de xuño de 1931, p. 1.

32. «Contra el decreto que establece la libertad de cultos en España», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6955, 26 de maio de 1931, p. 1.

33. «La Iglesia y el Estado», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6972, 14 de xuño de 1931, p. 1.

34. Cigur Goñi: «Para que sirven los religiosos», *El Compostelano*, ano XII, nº 3370, 7 de xuño de 1931, p. 1.

nización que os defenda, promovida por Mariano Vidal, futuro candidato de Acción Nacional (35).

Un tema moi interesante que se comeza a analizar en xuño en todos estes xornais, é o que fai referencia á liberdade de culto. Segundo *El Imparcial*, ten que facerse unha lei que prohiba as manifestacións exteriores do culto católico, pero mentres non exista, «estas tienen pleno derecho a realizarse» (36). A palabra que se emprega como centro do discurso é a de liberdade. Ó mesmo tempo, advírtese contra o que se supón a arbitrariedade de moitas accións populares. Polo tanto, hai crítica ós abusos da Igrexa tamén e ós gobernantais, se é mester. O xornal coruñés *La Voz de Galicia* pasa en silencio por este tema, algo que non farán nin *La Región* nin *El Compostelano*. O primeiro, preguntárase nun extenso artigo, onde está a liberdade de cultos da que fai gala a República, xa que só a disculpan aqueles que non son relixiosos. O Estado laico é unha utopía, para os conservadores a victoria da Conxunción en xuño de 1931 significaría o sometimento da Igrexa ó poder civil (37). O decreto sobre a liberdade de cultos, é, ó seu xuízo, inútil xa que en España o único que existe é o católico.

En xuño de 1931 reúnese a Agrupación Socialista de Madrid, e nela débátese as medidas que se proporán no periodo de sesións do Congreso nas vindeiras xornadas. Unha das máis estudiadas é a que transcribe *El Socialista*. Indalecio Prieto na súa intervención é categórico. A solución, o seu xuízo, non pasa só por retirar dos presupostos do Estado a asignación de culto e clero, xa que a Igrexa é moi forte, e en caso de igualdade de prerrogativas sempre resultaría a vencedora. Así, a fórmula ideal por el esgrimida é a subordinación total. Calquer organización relixiosa, continúa, ten que ser tratada como un sindicato. Julián Besteiro aínda vai máis alá, xa que a el gustaría que estivese pendente do Goberno e das Cortes. A conclusión á que chega a executiva do PSOE reafirma a disolución dos vínculos entre Igrexa e Estado, mantendo unha pauta de igualdade entre tódalas confesións, «y las iglesias todas vivirán subordinadas a él mediante el escrupuloso cumplimiento de las leyes que se dicten con objeto de asegurar la soberanía del Estado y la plena libertad de conciencia» (38). O que se persegue é a laicización da República, tomando como modelo a Francia.

Isto xa o ensaiara a fins do XIX o PSOE, e é agora cando pretende levalo a cabo. Este tipo de accións foron as que instrumentalizou a reacción para derribar ó réxime, cando a súa funcionalidade real era mínima. Podémoslas xuntar coa lexislación que non permitía o toque de campás nos enterros ou esixía un permiso especial para levar a cabo as procesións. Estas son medidas gratuitas nun país maioritariamente católico, e foron feitos que máis tarde se volveron contra a República.

A tenor disto, gaña-las eleccións de xuño converteuse nalgo imprescindible. Recordemos que a Asamblea surxida das urnas sería a que redactaría unha constitución, columna vertebral do país. Os partidos republicanos e os seus medios de expresión sabían disto, polo que plantexaron a consulta como a confirmación da República. Pola contra, os opositores ó réxime pretenderon que o novo parlamento lles devolvese parte do prestixio perdido o 14 de abril. Deste xeito, dende numerosos medios de comunicación, ínstase ós

35. «Grandio Seoane, Emilio: *Los orígenes...*, op. cit., p. 85.

36. «Libertad para el ejercicio de todos los derechos», *El Imparcial*, ano LXVI, nº 22132, 6 de xuño de 1931, p. 1.

37. «El Estado laico», *La Región*, ano XXII, nº 6240, 5 de maio de 1931, p. 3.

38. «Importante acuerdo sobre el problema religioso para asegurar la plena libertad de conciencia», *El Socialista*, ano XLVI, nº 6963, 4 de xuño de 1931, p. 6.

católicos a participar en partidos políticos que defendan a Igrexa, o que constitúe un claro guiño a prol das opcións de dereitas, marcando así a súa ideoloxía antirrepublicana. Para acadar estes obxectivos é necesario o reagrupamento destas opcións, e así este ideal será ben defendido. Dende *El Compostelano* chámase a prol da unión; primeiro hai que ir votar, «tan sólo el egoísmo y la inconsciencia podría aconsejar la abstención individual», logo hai que facelo pola agrupación que defenda, neste orde: Relixión, patria, familia, orde, traballo, e senso cristián da propiedade (39). O articulista aboga por formar en Santiago e en toda España unha asociación que agrupe a monárquicos e republicanos que antepoñan este lema a calquer outra cousa.

CONCLUSIÓN

O estudo do anticlericalismo a través dos xornais, comporta un dobre traballo. Por unha parte temos que entende-lo fenómeno en si, as razóns que levan ó pobo á queima de igrexas e escolas pías, por outra tentar desliga-la información das connotacións partidistas que os artigos nos transmiten. Neste intre, os xornais débense a un público moi concreto e para eles van dirixidos os comentarios realizados. *El Socialista* é o voceiro oficial do PSOE, a través das súas colaboracións conséntase o carácter anticlerical dos dirixentes do partido. Aquí, o que se pretende facer é por unha parte a laicización da sociedade, e por outra separa-la Igrexa do Estado. Co acontecido en maio, o problema vaiselles das mans. O rotativo buscará ós culpables entre os monárquicos, ou outros elementos antisistema. O que xamais fará será culpar ós obreiros. Tentará minimiza-los acontecementos e nunca calibrará os problemas que a queima acarrearía. Serán continuos os ataques ás altas xeraquias eclesiásticas, non só por parte dos xornalistas, senón tamén polas grandes figuras do socialismo español: Indalecio Prieto e Julián Besteiro. Os comentarios realizados sobre Pedro Segura e Mateo Mújica confirman (40).

El Socialista presenta os feitos tentando influir nos lectores. Non é unha visión visceral dos acontecementos, dende as súas páxinas faise o xuízo a uns supostos culpables. Para os articulistas está clara a vinculación de sectores monárquicos e comunistas nunha confabulación contra a República. Máis adiante, as tintas cargáronse sobre os primeiros só. Máis aséptico se presenta, ó noso xuízo, *El Imparcial*. As colaboracións que presenta tentan analiza-los feitos dende unha postura equidistante, aínda que ó final tamén cataloga ós alfonsinos como os provocadores dos incendios. As declaracións do bispo de Vitoria e do Cardeal Primado de Toledo son as que prenden a chama do día dez de maio en Madrid. Este xornal tamén se ocupa do acontecido na cidade da Coruña, e no resto de capitais. A todos estes movementos lle atribúe as mesmas causas e os mesmos culpables. De novo serán monárquicos e comunistas os principais inductores. Dende as súas páxinas, ó igual que dende as de *El Socialista* perséguese o vello anxeio do republicanismo español: a equiparación a Europa en tódolos ámbitos. España era un país atrasado en múltiples aspectos, e dende fins do XIX tomouse como principal causa deste feito a excesiva presenza do clero nos asuntos públicos. En 1931 chega o momento de pasar contas. De aí que ambos xornais lle resten importancia ós feitos, xa que son unha resposta as continuas provocacións da Igrexa. Este recordo ó pasado apréciase perfectamente a través dos comentarios que realizan da Compañía de Xesús. Será de novo, como

antaño, a orde relixiosa peor parada, tanto polas accións do pobo, como pola nula defensa que dela fai o Goberno Provisional. Dende as colaboracións de *El Imparcial* preténdese chegar a unha convivencia aceptable por parte de tódalas faccións; xa sexan relixiosos ou non. Cando é mester cítanse os escesos da Igrexa, e ó mesmo tempo acéptanse as procesións, misas e demais ritos da relixión porque España era un país maioritariamente católico e esas costumes estaban moi enraizados no pobo.

A resposta contundente a estas manifestacións atopámonas para o caso galego en *La Región* e *El Compostelano*. Ambos coinciden no básico, a defensa a ultranza da relixión católica e a confesionalidade do Estado. Os primeiros escritos atenden á protección do Cardeal Primado, e logo a enfrontarse coa lexislación republicana nesta materia.

O feito da proclamación do novo réxime para eles xa é un motivo de temor, e así o expresan nos números posteriores ó 14 de abril. Os xornalistas destes medios observan como se lles cae o edificio ideolóxico no que habitaron os últimos 25 anos. A nova orde política que se establece en 1931 éllas incomprendible, e por iso realizan contínuos ataques ó sistema. A través dos artigos en defensa do clero, o que subxace é un ataque solapado ó réxime e á política que executa. Como xa puxemos de manifesto liñas atrás, nos primeiros meses, os elementos antisistema estaban divididos e en silencio. O tema relixioso foi o primeiro aldabonazo que aproveitou a reacción, logo pasou á reforma agraria e a do exército.

Coa lectura destes xornais, apreciamos como os articulistas apelan á españolidade dos lectores, ó xunguir catolicismo e nacionalismo español. Enfrontarse á Igrexa supón facelo coa mesma esencia de España. A relixión é mostrada como un pilar fundamental do edificio estatal. Precisamente é aquí onde conflúe a dialectica cos sectores máis progresistas, xa que estes pretenden rematar con esa idea menendezpelayista. Ó mesmo tempo, é curioso como existe un afán de protección á institución eclesiástica por parte dun grupo moi definido do contexto político español. Son os herdeiros da monarquía, que utilizan os contactos clientelares da Restauración para chegar ó público. Así, en *La Región* é algo común a transcripción de artigos de *El Debate* ou *ABC*; *El Ideal Gallego* pertence á mesma empresa que o voceiro de Angel Herrera Oria... Deste xeito, a lectura de calquer colaboración que apareza nestes medios está mostrándonos a loita solapada pero continua para desprestixiar ó réxime.

Para levar a cabo isto bótase man incluso da lexislación liberal e democrática republicana, que considera por igual a tódalas confesións. Apoiándose nesta idea solicítase o fin da «persecución relixiosa», que algúns observan nos primeiros decretos do Goberno Provisional. Esta liña editorial non é exclusiva dos xornais pertencentes a empresas laicas, un dos consultados para a realización deste traballo, *El Compostelano*, pertencente ó arzobispado santiagués, segue as mesmas pautas. En política, a marcada opción hacia as agrupacións de dereitas é constante en todos eles. Xunguir relixión, orde e conservadurismo é unha idea que se plasma nas súas páxinas. Dende un principio aceptou, a Igrexa, este papel, e esplotouno non só co consentimento tácito, senón tamén directamente a través das encíclicas ou sucesivas declaracións públicas das altas xeraquias. A preeminencia social da que moitos personaxes gozaban comezou a virse abaixo. A relación que mantiñan coa Igrexa como institución marcou as pautas de sociabilidade durante anos; e agora podería pasar á historia. O ataque ó clero enténdese como o tento de destrución dun código de valores, e xa nada sería igual. De aquí ó asalto á propiedade privada ou ós monopolios non sería extraño. Os artigos que se publican en *La Región* ou *El Compostelano* percorren estas ideas.

39. «Organización político-social en Compostela. Documento importante», *El Compostelano*, ano XII, nº 3331, 11 de maio de 1931, p. 1.

40. Ver nota 38.

Xa que puxemo-lo exemplo dos xornais conservadores galegos -ós que poderíamos xuntar con *El Ideal Gallego-*, podemos mencionar neste intre como afronta o tema clericalismo-anticlericalismo o progresista coruñés *La Voz de Galicia*. Temos que ter en conta neste caso o feito que marca a súa procedencia, a cidade herculina. Así mesmo, os lectores ós que vai dirixido principalmente que son na súa inmensa maioría de ideoloxía progresista, e tamén a presenza dunha Federación Obreira forte e con poder de convocatoria destacado en A Coruña. Así, cando se inician os incendios, non se culpa ós obreiros, voltan a ser elementos indesexables. Nesta afirmación non só coinciden os colaboradores do rotativo, senón tamén as notas de prensa oficiais do Concello e o Goberno Civil. Neste aspecto, as actitudes sinaladas seguen a mesma liña argumental que xa vimos para *El Socialista* e *El Imparcial*. O certo é que en *La Voz de Galicia* son menos abundantes os artigos de opinión. O que se expón con asiduidade son os manifestos das autoridades gubernativas, o que é síntoma da aquiescencia ideolóxica do xornal con elas. A información que ofrece cíñese ós acontecementos de A Coruña, e as causas que os provocaron. Neste aspecto son máis expresivos os xornais madrileños, xa que tratan non só os incendios dos edificios senón tamén a confrotación discursiva entre clericais e anticlericais. No que si coinciden todos é no feito de tomar partido por algunha opción, con tódalas consecuencias.

Para *El Socialista* a queima de conventos está xustificada pola actitude do clero respecto ó réxime. A solución a estes problemas, ó seu xuizo, pasa pola desaparición das ordes relixiosas e a incautación dos seus bens. Suprimi-lo culto católico aforraríalle ó Estado 58.393.000 pts, á altura de 1931 (41). Neste intre o anticlericalismo socialista é máis intelectual, despois pasa a ser domiñado polo pobo. Isto é evidente dende a revolta de Asturias en 1934 e o trunfo da Fronte Popular en 1936. Pola contra, *El Imparcial* aboga por unha política secularizadora e modernizadora onde a igrexa non tiña, xa que logo, cabida. *La Voz de Galicia* réstalle importancia ó acontecido en Coruña nas xornadas de maio. As culpas recaen nuns poucos exaltados, e nunca nos obreiros.

A prensa conservadora acusa do clima de inestabilidade social ó réxime republicano que é desestabilizador por natureza. Tanto para *La Región*, como para *El Compostelano* a sociedade e a autoridade son de orixe divina, destruír isto é face-lo mesmo coa razón de ser do home. Aínda está en vigor a máxima decimonónica «todo poder se deriva y es una participación de el de Dios...» (42), que é recuperada en 1931 pola Asociación Católica Nacional de Propagandistas -ACNP-, agrupación afín a estes medios de comunicación.

41. Datos ofrecidos en *Boletín Oficial Sociedad Fomento Porriño y su Distrito*, ano X, nº 44, xullo de 1931, p. 10.

42. Documento citado en Barreiro Fernández, X.R: *Liberales y absolutistas en Galicia*, Vigo: Xerais, 1982, p. 111.